

Informe da Directora Xunta de Escola, 23 de xullo de 2020

1 Reunións de traballo e outras actividades

- 3 de xullo. Reunión co persoal técnico de ARINFO
- 3, 10 e 17 xullo. Reunións do equipo directivo con Delegación Alumnado
- 6 de xullo, 17 xullo. Reunión da Directora co Reitor e cos Vicerreitores de Planificación e Sostibilidade e de Ordenación Académica e Profesorado sobre o Plan Prevención e Control Sanitario da UVIGO.

2 Mobilidade e internacionalización

— Mobilidade 2020/21 (profesorado)

O 9 de xullo reuniuse a Comisión de Selección das mobilidades do programa **ERASMUS+ KA107**, Comisión formada por Amelia Rodríguez, Ángeles Saavedra e Elena Alonso. A resolución das mobilidades foi a seguinte:

- Mobilidade PDI saínte (bolsa STA): Marta Cabeza Simó (UCN)
- Mobilidade PDI entrante (bolsa STT): Javier González Vázquez (UCN)
- Mobilidade PDI entrante (bolsa STA): Mohammad Maleki Tehrani (UCN)

Queda pendente para o curso seguinte resolver unha mobilidade para estudante da UVIGO para Chile (SMS), unha bolsa un estudante de Chile para Vigo (SMS) e unha mobilidade para formación-investigación (STT) de UVIGO a Chile.

— Sinatura convenios mobilidade SICUE

O 21 de xullo, o Coordinador de RRII do centro asinou un preacordo de mobilidade SICUE co Grao en Enxeñaría de Enerxías Renovables para o cursos 2021-22 (2 prazas de medio curso) coa Escola de Enxeñaría de Gipuzkoa.

Agradécese a Iago Pozo a coordinación das actividades de mobilidade do centro.

3 PRL e condicións sanitarias no centro

A Directora informa do contexto no que se desenvolven as actuacións do centro en materia de PRL.

O Consello de Goberno, na súa **sesión do 12 de xuño** de 2020 acordou, no documento “*Medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente no curso 2020/2021 en caso de crise sanitaria*”, e en relación as condicións sanitarias dos centros:

“VII. Sobre as condicións sanitarias nos centros

1. Todos os centros da Universidade de Vigo participarán na fase piloto do protocolo establecido polo Sergas que vén de publicar a Consellería de Educación e aspirarán a cumprir todos os aspectos incluídos na Guía de recomendacións para unha universidade segura. A este respecto, ademais das medidas centralizadas, **cada centro deberá aprobar un plan de prevención e control do centro (PPCC) específico. Para tal efecto, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) elaborará un PPCC modelo, que será adaptado ás peculiaridades de cada centro polo equipo**

decanal ou directivo. Os PPCC de cada centro serán aprobados polo SPRL e posteriormente referendados pola Xunta de Centro. Tras a súa aprobación final polo Comité de Seguridade e de Saúde Laboral da universidade, procederase á súa publicación e á súa difusión.

2. A Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade, a través dun encargo á Unidade Técnica, elaborará un plan de circulación para cada un dos edificios docentes que estará á disposición de cada equipo decanal ou directivo a finais de xuño, para que procedan á súa adaptación.

3. Cada centro designará unha persoa interlocutora co Servizo de Prevención de Riscos Laborais e coa Dirección Xeral de Saúde Pública, que lles comunicará todas as cuestións relacionadas coa seguridade sanitaria do centro para a súa avaliación. Ocuparase tamén de remitirles as comunicacións dos casos confirmados de contaxio.”

17 de xuño de 2020. Publícase a Resolución Reitoral na que se marca o prazo (29 de xuño) para que os centros envíen as solicitudes de modalidade de ensinanza presencial para comezo de curso 2020/21.

19 de xuño. Envíanse desde a Vicerreitoría Planificación e Sostibilidade os datos de aforos segundo criterios denominados ABAU pola Vicerreitoría.

29 de xuño. Apróbase en Xunta de Escola a solicitude de modalidade do ensino presencial para o comezo do curso 2020/21, en base a aforos calculados con separación 1,5 m en aula.

O **29 de xuño** pola tarde se recibiu no centro o documento “*Protocolo de actuación par a realización da actividade docente presencial teórica e práctica para o curso 2020-2021 nos centros da Universidade de Vigo*”, elaborado polo SRPL, no que se indica que os aforos de ocupación en laboratorios teñen que ter en conta unha densidade de ocupación de 5 m²/persoa, o cal non foi indicado con anterioridade á proposta que fai o centro de organización das ensinanzas.

Por outra banda, con **data 30 de xuño** a Secretaría Xeral de Universidades publica unhas instrucións nas que se indica que:

“SEGUNDA.- Plan de prevención e control sanitario

1.-Cada universidade elaborará un plan xeral de prevención e control sanitario para a institución, que será aprobado segundo a súa normativa interna. O plan, que terá como referencia a Guía de recomendacións para unha universidade segura, elaborada pola Dirección Xeral de Saúde Pública, deberá prever a existencia dun grupo de expertos que coordinen e asesoren aos responsables dos distintos centros.

2.- Tendo en conta a heteroxeneidade dos espazos e das actividades docentes que neles se desenvolven, será necesario adaptar as medidas previstas no plan xeral da universidade a cada un dos centros. Con este fin, cada centro elaborará un protocolo no que se recollan as adaptacións precisas para cada un deles. Así mesmo, cada centro contará cunha persoa responsable de referencia para os aspectos relacionados coa execución e cumprimento das medidas previstas e será quen de manter comunicación directa co grupo de expertos

3.- O plan xeral de prevención e control sanitario e os protocolos de adaptación a cada un dos centros, deberán estar aprobados polos órganos competentes de cada universidade antes do 31 de xullo de 2020.

4.- O plan xeral de prevención e control sanitario así como os protocolos dos centros universitarios, deben ser coñecidos e estar implantados no momento do inicio do curso académico 2020/2021. A universidade deberá proporcionar á comunidade universitaria a información sobre as medidas de prevención de índole persoal a nivel sanitario. Esta información deberase difundir a través da páxina web e das redes sociais, indicando a necesidade de respectalas e as posibles consecuencias de non aterse ás mesmas.”

1 de xullo. Acordo de Consello de Goberno polo que se autoriza ao centro a comezar o curso na modalidade presencial e sinala o prazo do 23 de xullo para elaborar guías docentes e o 30 de xullo data límite de envío á Vicerreitoría de Planificación do PPCC.

O **15 de xullo** A Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade remitiu aos centros o modelo do Plan de Prevención e Control Sanitario para que os centros adapten e elaboren o Plan de Prevención e Control do Centro (PPCC). O 22 de xullo a Vicerreitoría remitiu unha addenda ao documento, modificando cuestións relevantes do documento inicial.

A Directora conclúe que, tendo en conta que o modelo sobre o que o centro ten que traballar para súa adaptación foi remitido onte, 22 de xullo, non foi posible facer a adaptación para súa aprobación na sesión de Xunta de Escola celebrada hoxe, 23 de xullo.

4 Calidade

— Realización das enquisas de satisfacción coas titulacións

Está habilitado o prazo para realizar as enquisas de satisfacción coas titulacións ata o 31 de xullo. Enviouse desde a dirección un correo recordatorio sobre as datas de realización das enquisas, animando ao alumnado a participar nas enquisas. Pídese á Delegación de Alumnado que axude a incentivar a participación. A data actual a participación é

- Grao EE: 37,5%
- Grao ERME: 50%
- Máster Enxeñaría Minas: 30%

— Realización das enquisas de satisfacción co desenvolvemento da docencia non presencial

O 29 de xuño a Área de Calidade enviou os resultados da enquisa realizada ao alumnado do centro sobre a satisfacción co desenvolvemento da docencia non presencial pola COVID19. A enquisa realizouse en modalidade online para todo o alumnado de graos e titulacións de máster mediante o envío dun correo coa invitación para participar. A data actual están habilitadas hasta o 31 de xullo outra enquisa, co formato establecido en base ás instrucións da Secretaría Xeral de Universidades do 30 de xuño, para coñecer a percepción do alumnado perante as solucións adoptadas durante a excepcional situación do último cuatrimestre do curso 2019/20.

— Información Portal Transparencia

6 xullo 2020: A Unidade de Análises e Programas comunica a publicación dun bloque de indicadores e información no Portal de Transparencia, entre os que destacan os informes de admisión nos graos e nas titulacións de máster correspondentes ao curso 2019-2020.

— Docencia Anual

20 xullo 2020: A Área de Calidade informa da publicación dos resultados definitivos da valoración anual do programa Docencia do curso 2017-2018. Parece ser que este ano xa non van achegar aos centros a información agregada por titulacións. A información relevante pasará a referirse á fase quinquenal do programa e a fase anual pasará a ser soamente un trámite de recollida de información para facilitar a avaliación quinquenal do profesorado.

5 Actividades de divulgación

— Participación na Xornada de Portas Abertas

O día 20 de xullo celebrouse unha Xornada de Portas Abertas en modalidade non presencial. Agradécese a participación na Xornada de María Araújo e David Patiño, coordinadores dos graos

do centro, Iago Pozo, que conduxo a actividade e a participación do alumnado: Alejandro Casal, Santiago Domínguez, Carmen Pereira e María Pazo.

— Premio “Aula Aberta á TecnoCiencia”

O día 6 de xullo comunicouse ao centro a concesión da Mención de Honor a actividade “Aula Aberta á Tecnociencia”, na 21 edición de “Ciencia en Acción”, na modalidade “Ciencia y Tecnología”, na que participan José Santiago Pozo, María Araújo, Raul Figueroa, Iván Garrido, Roi Otero, David Patiño, Raquel Pérez e José Benito Vázquez. Ciencia en Acción é un concurso internacional dirixido a estudantado, profesorado, investigadores/as e divulgadores/as da comunidade científica, en calquera das súas disciplinas. O seu principal obxectivo é presentar a ciencia dunha maneira atractiva e motivadora, de modo que o público xeral se interese por ela.

<https://cienciaenaccion.org/resolucion-jurado-ciencia-en-accion-xxi-no-presencial-y-adopta-una-estrella/>

— Concursos

O 3 de xullo reuniuse a Comisión de avaliación para a selección das persoas gañadoras de ENERXIZA. RME 2020 (5 equipos concursantes) e ESCAVA. RME 2020 (1 equipo concursante):

A Comisión estivo formada por: María Araújo (profesora IRME), David Patiño (profesor EE), María Pazo (egresada do GEE e alumna actual co MUEM), Santiago Domínguez (estudante do GEE) e Diana Barral (profesora de IES)

Primeiro Premio de ESCAVA.RME 2020: Javier Varela e Nicolás Argibay do IES Luis Seoane. O 14 de xullo foron ao IES Luis Seoane, Elena Alonso e Iago Pozo, ao acto de entrega do Premio.

https://www.youtube.com/watch?v=zTTnuHS_Kio

Primeiro Premio de ENERXIZA.RME 2020: Candela Lagares, Teresa Sánchez e Lucía Ares, do IES Francisco Aguiar de Betanzos

<https://www.youtube.com/watch?v=yqqBH2L8Grc>

Segundo Premio de ENERXIZA.RME 2020: Yago Muíño, Martín Vázquez e Joel Armada do IES Francisco Aguiar de Betanzos,

<https://www.youtube.com/watch?v=WmBMBZgBMPc>

6 Información de procedementos administrativos e/ou académicos

— Defensa TFG e TFM. Convocatoria Extraordinaria

O pasado 21 de xullo tivo lugar o acto de exposición pública en formato non presencial dos TFM da convocatoria de xullo. Defendéronse 3 TFM.

No caso dos TFG defendéronse o día 22 de xuño, tamén en formato non presencial: 1 no Grao en Enxeñaría da Enerxía e 4 no Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

— Incidencias rexistradas na realización de probas de avaliación non presenciais

- Cálculo II (18/05): 1 incidencia resolta internamente
- Enxeñaría de Explosivos (MUEM) (01/06): 1 incidencia de acceso xeral a FAITIC que ocasionou un retraso na celebración do exame. A incidencia foi comunicada polo profesorado e finalmente o exame puido realizarse sen máis atrancos.
- Termodinámica e Transmisión de Calor (05/06): 6 incidencias resoltas internamente
- Calor e Frío (05/06): 2 incidencias resoltas internamente

- Electrotecnia (23/06): 1 incidencia non formulada por completo (descartada)
- Sistemas Térmicos (25/06): 3 incidencias resoltas. O coordinador da materia aceptou as achegas coas respostas do exame recibidas no whatsapp institucional
- Motores y Turbomáquinas Térmicas (03/07): 1 incidencia resolta internamente.

— Bolsas COIME

O COIMNE convoca dúas bolsas de axuda aos estudos de Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso 2020/21 para os mellores expedientes de acceso ao máster, procedentes dos dous graos do centro: 2 Bolsas (500€/bolsa).

7 Infraestruturas e AAEE

— Orzamento laboratorios docentes

O 28 de maio comunicouse aos centros unha resolución de diminución do orzamento dos laboratorios da Universidade: (i) Que para o exercicio 2020 unicamente se repartirá un máximo do 25% da cifra inicialmente estimada para os laboratorios docentes, o que suma un total de 200.000,00€ para todos os centros e (ii) Que os créditos restantes serán utilizados para a adquisición de material de protección ante o COVID19.

— Bolseiros informática e difusión

Ao final adxudícanse ao centro 2 de difusión y 1 de informática, coa redución de 20 h a 15 h polo COVID.